

FELIZ  
DÍA DA  
CANDELORIA  
2012!



## A CANDELORIA

A Candeloria celébrase o 2 de febreiro. É unha festa relixiosa que consiste na bendición das candeas que despois se usarán na celebración da Semana Santa.



En Galicia é o día do *casamento dos paxaros*. Representa o renacer da natureza pola proximidade da primavera. Ademais, para os mariñeiros era o comezo da navegación despois da longa espera no período invernal.



Pero esta celebración ven de moi antigo, dos tempos dos celtas: o primeiro día de febreiro celebraban o *Imbolc* ou *Lupercales* en honor á deusa da nova lúa, a primavera e as correntes mariñas poñendo unha candeas nas fiestras e nas habitacións. Era a preparación para a época fértil da terra, o nacemento dos animais e da purificación do lume que os liberaba tralo gris e frío inverno.



A partir da Candeloria  
ningunha ave voa soa.

Cando  
a Candeloria  
Chora,  
a metade do  
inverno  
vai fóra.



Pola Candeloria,  
cásanse os paxariños  
e vaise a galiñola.


Se a Candeloria chora,  
o inverno vai fóra.  
Se ri, o inverno quere vir

# CANDELORIA

Na catedral do abrente  
hoje casan os paxaros,  
con nubes de neve e ouro  
está o ceo engalanado.

Ficou o día ancorado  
na ría donda do ceo.  
Os roibéns soben no lonxe  
como rosarios de incienso.

O xantar do casamento,  
roibo, na palma da man  
das eiras madrugadoras  
xa está arranxado no val.



Vai tocando polo campo  
a súa zanfona o rego  
e canta o vento nas farpas  
sonoras dos piñeiros.

O campo as montañas ruzas  
envolve en capa pluvial  
co hisopo do sol mollado  
dálles a beizón nupcial.

Do casebre nugallán  
soben os vivos dos galos  
e na festa desta noite  
estrea un luar o campo.

*Luís Amado Carballo*